

AVANCES NA FIXACIÓN DO LÉXICO XURÍDICO-ADMINISTRATIVO GALEGO

Xermán García Cancela

Servicio de Traducción da Xunta de Galicia

Nesta comunicación propoñémonos trazar un breve panorama do estado actual na fixación da terminoloxía propia do ámbito das relacións xurídicas-administrativas en Galicia, desde a perspectiva que dan os anos que median entre o recoñecemento do galego como lingua oficial (Constitución española de 1976, Estatuto de autonomía, posta en marcha do autogoberno, leis de desenvolvemento dos criterios de oficialidade...), a súa conseqüente incorporación ás normas e á documentación xurídica e administrativa e o momento presente.

Non lles prestaremos atención tanto ós métodos postos en práctica para a fixación terminolóxica (recuperación da lingua medieval, ampliación ou restricción semántica de termos da lingua xeral, recurso ó préstamo, etc.) como á extensión real de uso, en áreas nas que o galego ten presenza máis ou menos constante, daqueles tecnicismos xurídico-administrativos xa fixados en dicionarios da lingua xeral, en léxicos especificamente xurídico-administrativos ou en disposicións normativas sancionadas polo poder galego ou traducidas do ámbito estatal.

Cómpre dicir a este respecto que en Galicia nesta área, coma en xeral en terminoloxía, non se ten traballo a penas de forma sistemática e si máis ben de forma puntual, de xeito que moitas solucións terminolóxicas son máis o froito de propostas de servizos de tradución e asesoramento lingüístico ca de equipos constituídos co específico fin de fixar e normaliza-la terminoloxía dunha determinada materia¹. Sen embargo, todos sabemos que esta non é a forma de acadarmos resultados satisfactorios, como se ten abondo demostrado pola diverxencia de solucións a casos similares², e porque al-

¹ A investigación terminolóxica pode ser puntual ou sistemática. A primeira ten por obxecto resolver un problema illado de terminoloxía para responder a unha necesidade inmediata, mentres que a segunda ten por finalidade sistematiza-lo vocabulario dunha área determinada e propónse obxectivos a máis longo termo (Dubuc 1978; Auger e Rousseau 1984).

² Véxase ó respecto Rodríguez Ríos (1996).

gunhas das solucións non chegan a ter unha difusión máis alá do texto concreto no que se plasman ou do ámbito do servizo que fai a proposta.

Cando aquí nos referimos a terminoloxía xurídico-administrativa cinxímonos sobre todo á terminoloxía propia do dereito e á terminoloxía das relacións administrativas (xestión económica, xestión de persoal, tramitación...) aínda que tomando como punto de referencia os textos administrativos, dentro deles atoparemos tamén a terminoloxía dos diversos campos sobre os que exerce a súa acción a administración. A estes, sen embargo, referirémonos soamente por vía de exemplo ante a imposibilidade de abranquermos en tan pouco espazo os problemas derivados da terminoloxía de áreas tan diversas coma a urbanística, a médica, a agrícola, a científica en xeral.

ÁMBITOS DE USO: O DEREITO PRIVADO E O DEREITO PÚBLICO

O galego ten hoxe unha presenza desigual, tanto no plano normativo coma no plano documental, segundo tomemos como referencia o ámbito das relacións xurídicas privadas (o dereito civil, penal, mercantil...) ou públicas (administración autonómica, local...) e segundo o vexamos desde a perspectiva das normas que rexen cada un deses ámbitos ou desde a plasmación en documentos e comunicacións que as distintas administracións establecen entre si ou cos cidadáns. Sen que esteamos en disposición de ofrecermos datos estatísticos é facilmente constatable que a administración local e a autonómica fan un emprego maior do noso idioma do que a Administración de xustiza, por exemplo. Igual que é notorio que en facultades de dereito, en despachos de avogados, en notarías, en xuízos, malia certos avances considerables, a presenza do galego segue a ser testemuñal. Agora ben, tamén é constatable que en ámbitos nos que o galego ten unha presenza destacada esta maior presenza non sempre casa cunha calidade no idioma empregado, e que se bota en falta unha maior sensibilidade pola boa redacción na documentación empregada e polo emprego dunha terminoloxía correcta e axustada á boa comunicación cos cidadáns.

Dereito privado

As relacións xurídicas privadas réxense en Galicia basicamente por normas de carácter estatal, o que supón de partida o primeiro condicionante para a fixación dunha terminoloxía orixinal. Moi ó contrario, esta terminoloxía é expresión de conceptos nacidos, desenvolto e expresados en castelán e só por vía de traducción podemos hoxe contar coa expresión galega deses conceptos.

Nembargantes, non podemos pasar por alto a importante contribución ó ámbito das relacións xurídicas privadas que supón a recentemente aprobada polo Parlamento galego Lei de dereito civil de Galicia (Lei 4/1995, do 24 de maio, publicada no DOG do 6 de xuño de 1995), que conta cunha anterior formulación, de menor alcance, do ano 1963. Nesta importante parcela do dereito privado que o noso parlamento puido sistematizar, a

carón de institucións pouco vivas na actualidade (os muíños de herdeiros, a veciña...) recóllense outras que, a dicir dos lexisladores e dos intérpretes da lei, están realmente vivas no dereito propio de Galicia e serven a intereses e necesidades habituais (montes veciñais en man común, serventías, parcerías, melloras, testamento mancomunado, apartacións, lexítimas, dereito de labrar e posuír, partillas...). É unha lei, ademais, que nace aberta, é dicir, susceptible de modificacións e incorporacións no futuro.

A riqueza terminolóxica desta lei, a súa orixinalidade, radica no feito de ser expresión dun dereito nacido e desenvolto en Galicia, con roupaxe galega. De aí que na propia versión castelá houbera necesidade de incorporar algunhas das figuras xurídicas na súa expresión galega, a única realmente viva e coñecida (petrucio, veciña, muíños de herdeiros, augas de torna a torna ou de pilla pillota, agras, vilares, serventía, cómaro, arró...).

Fronte á orixinalidade dunha lei que recolle baixo forma galega institucións arraigadas no costume, as institucións xurídicas comúns, é dicir, as provenientes do mundo xurídico español, contan con forma galega pero condicionada pola forma castelá con que se denominan orixinalmente. Esa forma galega está recollida nas versións que se fixeron de normas básicas coma os códigos civil e penal, as leis de axuízamento, etc. A natureza fundamentalmente culta da terminoloxía xurídica, a conexión en moitos casos con institucións provenientes do dereito romano e o carácter “supranacional” de boa parte das institucións xurídicas facilitou grandemente a versión ó galego das principais normas e códigos a que nos referimos. Unha simple ollada ó índice xeral do Código civil testemuña o que acabamos de afirmar. As institucións nel recollidas aparecen con denominacións como “dos españois e dos estranxeiros”, “do domicilio”, “do matrimonio”, “da paternidade e da filiación”, “dos alimentos entre parentes”, “da incapacitación”, “da maior idade e da emancipación”, “da propiedade”, “da posesión”, “do usufructo, do uso e da habitación”, “da doazón”, “das sucesións”, “da herdanza”, etc., etc.; é dicir, estamos ante institucións que denominamos con formas comúns a calquera das linguas da nosa contorna e nas que a innovación a penas ten cabida, como non sexa pola vía da adaptación á estrutura do galego de formas cultas carentes de tradición ou pola recuperación de termos antigos para adaptalos ás novas necesidades (alleamento, desafiuzamento, benfeitoría...). Si supuxo maior dificultade a fixación de figuras xurídicas que aluden a realidades que ou non nos son coñecidas ou non teñen tradición entre nós (pensemos, a título de exemplo, nas servidumes de paso de gando reguladas no artigo 570 do C.C., coñecidas cos nomes de “cañada”, “cordel” e “vereda”, realidades descoñecidas entre nós e que houbo que manter na forma castelá, en paralelismo co acontecido coa versión castelá da Lei de dereito civil de Galicia).

Pero se non houbo excesivas dificultades para a fixación da forma galega das institucións propias do mundo xurídico parece haber máis para que callen na práctica, sobre todo cando a forma galega é innovadora con respecto á coñecida e arraigada forma castelá. E así, non é difícil atopar en sentencias dictadas en galego formas espurias

como “fallar”, “desahucio”, “cohecho”, “personarse”, “enaxenación”, etc., froito do descoñecemento de quen redacta os textos xudiciais ou máis ben de certos prexuízos á hora de se apartar de formas provenientes da linguaxe xurídica castelá que están como sacralizadas na práctica xudicial.

Quere isto dicir que a fase de normalización terminolóxica non está nin moito menos acadada, nin pola vía da introducción masiva do galego na vida xudicial, nin pola da extensión da forma galega correcta na escasa produción xurisprudencial na nosa lingua³.

Con todo, alí onde existen servizos de asesoramento lingüístico a situación mellora considerablemente e a calidade lingüística das sentencias e demais disposicións é notable.

Dereito público

A situación de partida é moi similar á comentada para o dereito privado. Malia a existencia dun parlamento con plena capacidade lexislativa nalgúns áreas, esta é moi reducida en comparación coa gran cantidade de normas de procedencia estatal, e tamén comunitaria, que son de aplicación en Galicia a procedementos de tanta incidencia na vida diaria coma a expropiación forzosa, a contratación, o procedemento administrativo, a política de persoal, o réxime local, etc.

Tamén pola vía da tradución moitas das institucións recollidas nestas normas teñen fixada a súa forma galega, aínda que nalgún caso, por unha evidente falta de coordinación, a existencia de dúas versións da mesma lei, neste caso a Lei de réxime xurídico das administracións públicas, conduciu a solucións distintas para a mesma expresión de partida. Deterémonos moi brevemente en comentar algunhas das variacións producidas. Estas danse fundamentalmente no plano estilístico e da redacción, como é obvio, pois sería imposible unha total coincidencia tratándose de dous tradutores distintos. Pero tamén no plano terminolóxico, menores pois a terminoloxía da lei non presenta complicacións excesivas: o castelán “recabar” tradúcese como “reclamar” (cooperación) na versión da EGAP e como “solicitar” na de PL; a expresión “en su caso”, como “se é o caso” e outras alternativas na versión da EGAP, e como “no seu caso” na de PL; “apartado” tradúcese como “alínea” na versión da EGAP e como “apartado” na de PL; “firma”, nun dos artigos (8.2), como “asinamento” na versión da EGAP, e como “sinatura” na de PL; “ostentar” (unha representación, capacidade) evítase na tradución da EGAP e tradúcese por “exercer” ou “posuír” mentres que se mantén na versión de PL; “desistimento” na versión da EGAP, “desistencia” na de PL; “vulnerar” mantense na versión da EGAP e tradúcese por “infrinxir” na de PL; a expresión “cabere recurso” mantense na versión de PL e tradúcese por “proceder recurso” na da EGAP; “levantar acta” mantense na versión da PL e tradúcese por “redactar acta” na da EGAP; a expresión castelá “daños y perjuicios” tradúcese por “danos e perdas” na versión da EGAP e por “danos e

³ Un repaso pola xurisprudencia recollida na Revista Xurídica Galega aboa o que acabamos de dicir: escasa presenza do galego nas sentencias dos distintos xulgados e presenza de formas non correctas nas sentencias dictadas neste idioma, ademais de podermos comprobar como a linguaxe xurídica galega está a construírse sobre a base dunha dependencia abrumadora do tradicional estilo castelán, tan afastado da lingua viva.

prexuízos” na de PL. E así poderíamos aínda citar algúns casos máis, que, insisto, poida que non afecten substancialmente o sentido da lei, pero que poden inducir a equívocos entre os encargados de aplicar ou interpreta-la lei segundo se cite por unha ou outra versión.

Sendo as normas estatais as básicas en moitos dos ámbitos de actuación da Administración autonómica a lexislación do noso parlamento e o posterior desenvolvemento normativo desde o Goberno faise sobre a base dunha terminoloxía xa fixada desde o castelán.

De feito, é palpable a escasa orixinalidade na denominación, por exemplo, das diversas instancias administrativas ou lexislativas (consellería e valedor do pobo son dos poucos termos orixinais, fronte a outras como dirección xeral, servizo, sección, negociado, que son formas adaptadas directamente da estrutura da administración central; ou, no ámbito parlamentario, pleno, comisión, ponencia (termo non admitido polo dicionario da RAG), etc.), ou na denominación das distintas escalas das normas (lei, decreto, orde, resolución, oficio, etc.). Evidentemente, ó concibirse un modelo de Administración autonómica baseado na estrutura tradicional da Administración española, a expresión das distintas institucións e formas de organización non podía máis ca seguir un paralelismo absoluto coas formas de expresión adaptadas tradicionalmente polo castelán.

No ámbito da política de persoal, por exemplo, a lei galega da función pública acomódase case por completo ó sistema de función pública regulada para o Estado, polo que os conceptos e as formas se repiten en canto ós tipos de persoal (eventual, interino, laboral); ós sistemas de acceso (oposición, concurso); ás situacións administrativas (servizo activo, excedencia voluntaria, excedencia forzosa); ás retribucións dos funcionarios (soldo base, retribucións complementarias); etc. As novidades terminolóxicas son moi escasas e afectan termos moi concretos, onde se fixo un esforzo por incorporar formas galegas para designar conceptos como “quenda” por *turno* ou “axuda de custo” por *dieta*.

En toda a lexislación sobre materias en que Galicia ten competencias, a práctica lexislativa, nas súas fases de elaboración dos proxectos de lei e tramitación, amosan ás claras ata que punto o castelán segue sendo a lingua de partida. Por máis que a versión final revista unha forma galega, os que traballamos en servizos lingüísticos dentro da Administración sabemos cómo en inicio se traballou sobre textos elaborados en castelán, e tamén das reticencias que provocan as correccións tendentes a dota-los textos dunha forma galega máis acorde cos criterios de boa expresión gramatical e terminolóxica. Algúns exemplos ilustrativos: a forma “orçamento”, cos seus derivados, é a única admitida para a expresión do concepto económico de “previsión de ingresos e gastos”; pois ben, o noso Parlamento segue a promulgar tódolos anos unha lei de “presupostos” e na Consellería de Economía figura dentro do organigrama a Dirección Xeral de Presupostos. “Devengar” é un termo exclusivo do castelán, para o que se teñen dado

solucións perfectamente xustificadas e documentadas, pero que segue aparecendo en disposicións normativas dictadas en galego. E o exemplo extremo de dependencia do castelán témo-lo na forma con que se denominan certos produtos tipicamente galegos ós que se lles recoñeceu a denominación de orixe: ternera gallega, orujo de Galicia, como exemplos máis significativos⁴. A Consellería de Política Territorial é competente sobre as estacións de “aforo”, que regulan, entre outras, a capacidade e nivel dos ríos e das estradas. Pois ben, malia as indicacións que se lle teñen feito verbo da incorrección da expresión “aforo” en galego, esta é a forma que seguen mantendo, herdada, por suposto, da Administración que lle cedeu a competencia. Tamén é ilustrativo que, en casos en que se trata de regular actividades moi de noso, se faga con formas importadas e non con aquelas que están plenamente asentadas no uso. Por exemplo, na lei que regula o sector marisqueiro establécense entre os tipos de cultivos os “viveiros”, os “parques”, as “granxas mariñas”, as “nurserys” e as “hatcherys”, e curiosamente a expresión “batea”, tan arraigada no uso, non aparece por sitio ningún.

No plano documental, o que ten unha incidencia máis directa nas relacións da administración co cidadán, é frecuente atopar un mal uso do léxico naqueles casos en que a forma galega innovadora ou non é coñecida ou non é asumida por quen redacta. Un pequeno rastrexo por documentos recollidos de diversas instancias, permitiunos detecta-lo emprego de formas incorrectas como subhasta, tasación, base imponible, intereses, dilixencia de apremio, abono, requerir, perxuicio, vacío legal, recabar informe, subsanar un defecto, plantilla, incurrir, otorgar poderes, cuota obreira, por citarmos algúns casos de formas que están rexistradas en calquera dicionario ou que contan xa cunha certa tradición de emprego en textos publicados en diarios oficiais. Son erros que podemos imputar á pouca pericia dos redactores ou á escasa sensibilidade que move a maioría deles pola corrección idiomática.

No ámbito da Administración local, unha ollada ós boletíns oficiais da provincia evidencia, dunha banda, que a opción polo galego non é, nin moito menos, maioritaria, e doutra, que nos casos en que os concellos publican en galego as súas resolucións e edictos, estes conteñen incorreccións tanto de tipo gramatical como terminolóxico. Tamén un breve rastrexo por algúns destes boletíns nos permitiu detecta-lo emprego de formas espurias como regramento, subasta, inversión, coste, vía de apremio, etc., por non citármola masiva presenza de castelanismos en textos e impresos sobre materias máis específicas como o urbanismo, licencias para apertura de establecementos, etc., ámbitos nos que a fixación terminolóxica en galego está aínda nunha situación máis precaria.

A conclusión á que podemos chegar é que os avances en materia de fixación terminolóxica dependeron en exceso da improvisación e das propostas de equipos de lingüistas con pouca proxección cara ó conxunto de profesionais que teñen que facer aplica-las

⁴ Véxase ó respecto Torres Romar (1990).

solucións terminolóxicas adoptadas. Cumpriría, nesta coma noutras áreas de presenza importante do galego, un esforzo de sistematización de toda a terminoloxía empregada para a seguir procurar unha divulgación axeitada entre os profesionais e futuros profesionais do dereito, para o que cumpriría asemade unha real normalización do noso idioma en ámbitos nos que ata o de agora ten unha presenza máis ben escasa (facultades de dereito, notaría, despachos de avogados, oficinas da administración en xeral...).

BIBLIOGRAFÍA

- Auger, P. e Rousseau, L., *Metodologia de la recerca terminològica* (Traducción e adaptación de M. Teresa Cabré i Castellvi), Departament de Cultura, Generalitat de Catalunya, 1984.
- Dubuc, R., *Manuel pratique de terminologie*, Linguatex/CILF, Montréal, 1980.
- Revista Xurídica Galega*, editada pola Asociación Revista Xurídica Galega, Vigo, 1992.
- Rodríguez Ríos, X., “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”, en *Cadernos da Lingua* 13 (1996), 35-74.
- Torres Romar, X., “O status lingüístico nas denominacións de orixe específicas dos produtos agroalimentarios galegos”, en *Cadernos da Lingua* 1 (1990), 79-92..
- Xirinachs i Codina, M., “Terminología jurídica”, no libro colectivo de Gretel: *La redacció de les lleis*, Generalitat de Catalunya, Escola d’Administració Pública de Catalunya, Barcelona, 1995.